

A CÁMARA DE CLAIRE

[Hong Sangsoo, 2017]

408

ESTREA EN NUMAX: 13.07.2018 | V.O.S.E. | +7

Keul-le-eo-ui Ka-me-la (2017, 69')

Dirección: Hong Sang-soo

Guión: Hong Sang-soo

Elenco: Isabelle Huppert, Kim Min-hee, Shahira Fahmy, Jang Mi-Hee, Jeong Jin-Yeong

Montaxe: Sung-Won Hahm

Fotografía: Jinkeun Lee

Música: Dalpala

Produtoras: Les Films du Camélia, Jeonwonsa Film (Francia, Corea do Sur)

Distribuidora: La Aventura Audiovisual

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Coreano, francés, inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Na praia soa de noite, 2017

O teu e ti, 2016

Agora si, antes non, 2015

En otro país, 2013

Mujer en la playa, 2006

Un cuento de cine, 2005

La puerta del retorno, 2002

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2017 (Sección oficial fóra de concurso)

SINOPSE

Durante unha viaxe de negocios a Cannes, Manhee é despedida pola súa xefa por unha cuestión de celos. Alí coñecerá a unha profesora chamada Claire, que fai fotos cunha Polaroid. Cada unha delas ten unha peculiar visión da vida e xuntas lograrán entender os seus mundos. Unha das películas máis entretidas e accesíbeis de Hong Sang-soo.

«Unha pequena xoia cinematográfica»

Laura Tuillier, CAHIERS DU CINÉMA



“Traballar con grandes directores é a miña principal motivación”

Entrevista con Isabelle Huppert

Rodaches A cámara de Claire case á vez que era a estrea de Elle (Paul Verhoeven, 2016) en Cannes. Cheguei a Cannes e Hong Sang-soo preguntoume se estaba dispoñíbel e disposta a rodar un filme. Dixen que por suposto. Pero foi uns días antes de presentar *Elle*, non ao mesmo tempo, rodamos o filme e logo presentamos *Elle*. Rodamos cando o festival estaba a comezar. (...) Sempre é marabilloso facer filmes con Sang-soo, ten un xeito tan inusual de facelos que non se parece a ninguén de ningunha maneira. Para comezar, non hai guión, vaiche dando escenas cada mañá. Pero ao mesmo tempo, nada é improvisado. Non muda nin un só diálogo e non deixa espazo para a improvisación. Pero o máis abraiante é a súa capacidade de facer cousas nunha cantidade de tempo mínima. Non é que sexa precipitado, temos tempo para facer as cousas pero moi rápido. É moi interesante.

Deixa participar aos actores no proceso de creación? Non, el só di: *isto é o que imos facer*, e nós facémolo. Pero si crea unha certa atmosfera entre os actores, é máximo. Mesmo sen guión e sen coñecer a historia, sabemos abondo día a

día, escena a escena. Para nós é suficiente, non precisamos coñecer o *storyline* completo. O xeito en que combina luz e escuridade é moi poderoso. A veces as súas escenas son divertidas e outras conmovedoras. Para un actor é moi excitante, poder fluctuar por diferentes niveis de emoción: da comedia ao drama.

Claire di que o único xeito de mudar as cousas é ollalas devagar, unha boa maneira de afrontar a vida... É así. Aínda que eu penso que tamén é unha homenaxe a facer cinema. É unha metáfora exacta do que significa para Hong Sang-soo facer cinema. Hai que prestar atención á xente, as súas vidas e problemas. Gústame a posición que me asignou, dalgún xeito eu representoo a el. Represento o director que olla, filma e conecta a xente. E isto é exactamente o que esperas de facer cinema.

Faime pensar en como filmar e capturar o momento antes de que se perda para sempre. Para a persoa que captura estes cambios é agrídoce. Rodar ten ese efecto para ti? Sentese que cambiaches cando rematas? Non, para min non. Iso non é o que agardo ao rodar un filme. Para min, facer cinema é presente. Paseino xenial con Sang-soo e sei que fixemos unha película marabillosa. Pero iso non me cambia como persoa. O efecto que ten en min é querer facelo unha e outra vez. Facer filmes é compartir diferentes experiencias cada vez cun director diferente. Todos os grandes directores teñen a súa propia forma de filmar, tanto se é Michael Haneke, Paul Verhoeven ou

Hong Sang-soo. O que é excitante é que sexa diferente cada vez. Por iso só me interesa traballar con certa xente. Non me centro en personaxes ou historias senón en quen as dirixe.

Os teus compañeiros en pantalla levan roupas cunha paleta de cor moi restrictiva. Porén, ti apareces nun amarelo brillante. Pedíume que levase a miña maleta, abriuna e mirou as cores. En cinco minutos dixo: *isto, isto e isto* e combinou cores cun pequeno bolso azul, un sombreiro e unha pequena chaqueta amarela. Era o abrigo que levaba o día que baixei do avión. Parecía unha pintura. Encantáballe a miña roupa, pregunteille se non quería que me mudase e díxome que non, que quería que seguise igual. Pode que lle gustase porque estaba alí fóra coas miñas cores brillantes e destacaba, era diferente ao resto da xente.

Sempre fuches moi produtiva e prolífica na esfera internacional, pero parece que tes máis presenza ultimamente nos EEUU, tras Elle. Efectivamente, a atención que xerou *Elle* ofreceume diferentes oportunidades, é moi agradábel. Logo de *Elle* volví a Francia e gravei outros filmes, pero tamén un par de películas en inglés. Traballo regularmente pero non constantemente. O filme de Sang-soo ocupoume só cinco días. Gústame traballar con xente estupenda, con grandes directores. É a miña principal motivación.

Publicado en <http://diamondfilms.es>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

- Cofre Hong Sang-soo.** Intermedio [DVD]
- En otro país, Hong Sang-soo.** Cameo [DVD]
- En la playa sola de noche, Hong Sang-soo** Cameo [DVD]
- Lo tuyo y tú, Hong Sang-soo.** Cameo [DVD]
- Ahora sí, antes no, Hong Sang-soo** Cameo [DVD & BluRay]
- Es todo, Marguerite Duras.** Bid & Co., 2016

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org

Abónate agora e ven sempre por 4€

Novas tarifas válidas a partir do 6 de xullo

Faite NUMAX!